

CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN GONZALO TORRENTE BALLESTER PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIAS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude

DECLARA:

Que esta Dirección Xeral de Cultura ten previsto formalizar coa Fundación Torrente Ballester o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Fundación Torrente Ballester para levar a cabo actividades culturais.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrencia pública para a realización destas actividades por canto é a Fundación Torrente Ballester segundo consta nos seus estatutos, a que ten entre os seus obxectivos promover o estudo da obra de Gonzalo Torrente Ballester e a conservación do seu legado cultural e en concreto:

- a) Promocionar a investigación e o estudo da figura e da obra de Gonzalo Torrente Ballester.*
- b) Contribuír á localización e a recuperación de toda a produción de autor, tanto a de carácter profesional ou público, como a de carácter privado ou persoal.*
- c) Reunir o seu patrimonio bibliográfico e documental (manuscritos, fotografías etc.), o seu arquivo persoal a fin de garantir a súa permanencia no tempo e no espazo.*
- d) Contribuír e participar no desenvolvemento humano, cultural e científico de Galicia, en particular, e de España, en xeral.*
- e) Contribuír ao estudo do desenvolvemento cultural, político e social do tempo histórico que viviu [o fundador].*



Por todo o anterior é a Fundación Torrente Ballester a que posúe a especificidade como beneficiaria así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria

